



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E TRES DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (20/2025)

Na Casa do Concello de Monfero, ás trece horas e vinte e tres minutos do día vinte e tres de maio de dous mil vinte e cinco, en segunda convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas e quince minutos horas.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 16 maio de 2025
- 2.- Aprobación da relación de facturas núm. 029XOK/2025
- 3.- Contratos menores
- 4.- Adxudicación de contratos menores
- 5.- Aprobación de conta xustificativa de subvención
- 6.- Concesión de tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida
- 7.- Solicitud de axuda de emerxencia social

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 16 MAIO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 16 de maio de 2025 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 029XOK/2025

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de Intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto da orde do día:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 29XOK/2025 e o informe favorable da Intervención municipal que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, considerando que as prestacións corresponden a servizos derivados de compromisos de gasto debidamente adquiridos e que consta acreditado no expediente que están realizadas e en beneficio e coa conformidade do Concello, que dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes aos gastos que contén a relación de facturas que se indica a continuación, aos que se lle presta aprobación, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento aos provedores e a súa contabilización con cargo ás aplicacións orzamentarias que nela se indican:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	29XOK/2025
Importe total	37.198,89€
Número de facturas e gastos que contén	4
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2025/984
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2025/998

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

3.- CONTRATOS MENORES

O Sr. Secretario-interventor dá conta da documentación deste expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, corrixida por orde del, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se indica a continuación, como o resto da documentación citada, e se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Órgano contratación	Xunta de goberno local
Número expediente:	2025/C003/000013
Tipo:	obras
Obxecto:	SUBSTITUCIÓN DE XANELAS segundo proxecto técnico
Código CPV:	45421100 Instalación de portas, ventás e outros elementos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

<i>Orzamento base licitación:</i>	32.755,80€
<i>Aplicación orzamentaria</i>	2025.1722.2542.62900
<i>Prazo execución/entrega:</i>	2 meses (data límite 01/10/2025)
<i>Necesidade a satisfacer:</i> (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar esta subministración para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor.
<i>Fins institucionais que pretenden satisfacerse</i> (competencia municipal):	"...equipamentos da súa titularidade", art. 25.2.d) da Lei 7/1985
<i>Financiamento:</i>	XUNTA DE GALICIA-Fondo de compensación ambiental

Para atender a necesidade a satisfacer sinalada, é preciso contratar o obxecto reflectido, que é o idóneo para cubrir a dita necesidade de forma clara, directa e proporcional, resultando entón que a actuación que se pretende contratar é a adecuada para o fin perseguido.

O obxecto do contrato non é susceptible da súa división en lotes porque as subministracións comprendidas nel non teñen substantividade propia nin constitúen unha unidade funcional por si mesmas de forma independente, e son inseparables, de maneira que non é posible a súa execución separada ou a súa división tería como consecuencia a perda da economía e da eficiencia pola multitude de trámites engadidos que tería o expediente.

O Concello non conta con medios materiais propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor, o que acredita axeitadamente a insuficiencia de medios para a realización do obxecto do contrato e a necesidade da contratación dunha empresa externa para a súa realización.

A contratación que se pretende realizar non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. O obxecto do contrato trata de satisfacer unha necesidade puntual e non prevista e é único e non supón, por tanto, fraccionamento do obxecto do contrato. O seu valor estimado é inferior aos 40.000 euros.

Así pois, considérase que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente, é o máis axeitado pola súa



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

simplicidade, axilidade, eficacia e economía de trámite e a reducida capacidade de xestión municipal, que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente á vista da natureza e contía do contrato.

Polo exposto, DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente de contratación referenciado ao principio.

SEGUNDO.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario conforme se explicou anteriormente e, polo tanto, que está xustificada de maneira motivada a necesidade da contratación.

TERCEIRO.- Informar que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos límites previstos no artigo 118.1 da Lei 9/2017, cos argumentos expostos anteriormente.

CUARTO.- Que se emita informe polo Secretario-Interventor sobre os seguintes extremos:

1. Lexislación aplicable e procedemento a seguir para o contrato menor
2. Órgano competente para contratar
3. Existencia de crédito orzamentario e a súa adecuación

QUINTO.- De existir crédito orzamentario suficiente e axeitado para o efecto, procédase a súa retención polos servizos de contabilidade e solicítase oferta as empresas que se sinalan, para que no prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte ao que reciban a invitación, presenten a súa oferta por medios electrónicos e conforme ao modelo que se achega como anexo, facéndolles saber que non se admiten variantes e que o único criterio de adxudicación será o prezo máis baixo.

Relación de empresas:

ALUMINIOS CARBALLIÑO, SL, ALUMINIOS A GANDARA SLU, ANTONIO DOVAL LÓPEZ INDUSTRIAS CARABEL e ALUMINIOS DOPAZO

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

4.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS MENORES

4.1 O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, do informe da Intervención, das ofertas solicitadas e recibidas e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como a documentación citada, consta



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado que se reflicte na proposta que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR		
Núm. Expediente:	2025/C002/000011	
Órgano de contratación:	Xunta de goberno local	
Tipo:	Servizos	
Obxecto:	TRANSPORTE desprazamentos para as diferentes actividades lúdicas, físico-deportivas, culturais, educativas do verán, segundo memoria técnica que consta no expediente	
Código CPV:	60140000 - Transporte non regular de pasaxeiros	
Orzamento base licitación:	8.250,00€	
Aplicación orzamentaria:	231,2509,22300 (envellecemento activo)	8,00 %
	231,2515,22300 (concilia verán)	46,70 %
	341.22300 (doma clásica)	45,30 %
Prazo execución:	Nas datas que se sinalan na memoria.	
Necesidade e xustificación do contrato: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar este servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor	
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Promoción do deporte, instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre (artigo 25.2, apartado I) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local) Na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia outórgalle aos concellos a competencia de fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar.	
Financiamento:	Municipal (fondos propios)	

OFERTAS (solicitadas/recibidas)	
Razón social	Importe (IVE incluído)
ARRIVA-Autos Carballo, S.L.U	6.600,00
AUTOCARES CAPELA, S.L	6.875,00
EMPRESA GILSANZ,S.A.	7.062,00



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Logo de ver a oferta recibida e o informe da Secretaría-Intervención incorporado ao expediente electrónico e considerando que o contrato é necesario polos motivos que se indican, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, cos mesmos argumentos que constan no acordo da Xunta de Goberno local que inicia o expediente, a insuficiencia de medios para realizado, acreditada tamén no dito acordo, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
2. Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.
3. Adxudicar ao licitador, AUTOS CARBALLO,S.L.U., no prezo de 6.600,00€ o servizo que se especifica na memoria técnica e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte.
4. Notificar este acordo ao adxudicatario e resto de licitadores, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.
5. Trasladar este acordo ao Servizo Municipal de Contabilidade e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gastos.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela

4.2 O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, do informe da Intervención, das ofertas solicitadas e da recibida e da proposta de acordo da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como a documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado que se reflicte na proposta que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Número expediente	2025/C002/000008
Órgano de contratación:	Xunta de Goberno local
Tipo:	Servizos
Obxecto:	XORNADAS DE EQUITACIÓN, segundo memoria que consta no expediente
Orzamento base licitación:	7.916,30€
Prazo execución	XUÑO- XULLO (nas datas que se indican na memoria)
Necesidade e xustificación do contrato: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar este servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor
Aplicación orzamentaria	341.22792
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Promoción do deporte, instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, e promoción da cultura. Artigo 25.2 (apartados l) e m) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local. Na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia outórgalle aos concellos a competencia de fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar.
Financiamento:	Municipal (fondos propios)
OFERTAS Solicitadas/Recibidas	
Razón social	Importe (IVE incluído)
Centro ecuestre Pinteño, S.L.	7.916,30
Club Hípico los Gavilanes	Non presentan oferta dentro de prazo concedido
Hípica Mandiá, S.L.	



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

--	--

Logo de ver a oferta recibida e o informe da Secretaría-Intervención incorporado ao expediente electrónico e considerando que o contrato é necesario polos motivos que se indican, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, cos mesmos argumentos que constan no acordo da Xunta de Goberno local que inicia o expediente, a insuficiencia de medios para realizado, acreditada tamén no dito acordo, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
2. Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.
3. Adxudicar ao licitador, CENTRO ECUESTRE PINTENO, S.L., o servizo que se especifica na memoria técnica, polo importe indicado e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte.
4. Requisir á empresa adxudicataria, que acredite ante o Concello, que o persoal que vai prestar o servizo está de alta na seguridade social, que posúe a titulación ou capacidade esixida para este tipo de actividades e que carece de delitos de natureza sexual.
5. Notificar este acordo ao adxudicatario, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.
6. Trasladar este acordo ao Servizo Municipal de Contabilidade e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gastos.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo"



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela

4.3 O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, do informe da Intervención, das ofertas solicitadas e da recibida e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como a documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado que se reflicte na proposta que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Núm. Expediente:	2025/C002/000009
Órgano de contratación:	Xunta de Goberno local
Tipo:	Servizos
Obxecto:	CAMPAMENTO DE VERÁN CONCILIA 2025 campamento de ocio e ocupación do tempo libre durante a época estival, segundo a memoria técnica que consta asinada no expediente .
Orzamento base licitación:	18.132,09€
Prazo execución	xullo-agosto 2025
aplicación orzamentaria	2025.231.2515.22796
Necesidade e xustificación do contrato: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar este servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Promoción do deporte, instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, artigo 25.2 (apartado I) xunto con actuacións de Servizos sociais, de promoción da igualdade de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

	oportunidades e prevención violencia de xénero, art.25.2o) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.
Financiamento:	Municipal (fondos propios) e subvención Deputación provincial
OFERTAS (solicitadas/recibidas)	
Razón social	Importe (Ive incluído)
GALICIA EVENTOS E OCIO, S.L.	18.010,85
CENTRO ACTIVIDADES FORMATIVAS E INNOVACIÓN, S.L.	Non presentan oferta dentro do prazo concedido
LUIS CASTRO SILVA (Trebello)	
LA GUAGUA SERVICIOS SOCIOCULTURALES SL	

Logo de ver a oferta recibida e o informe da Secretaría-Intervención incorporado ao expediente electrónico e considerando que o contrato é necesario polos motivos que se indican, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, cos mesmos argumentos que constan no acordo da Xunta de Goberno local que inicia o expediente, a insuficiencia de medios para realizado, acreditada tamén no dito acordo, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
2. Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

3. Adxudicar ao licitador, GALICIA EVENTOS Y OCIO,S.L., o servizo que se especifica na memoria técnica e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte.
4. Requerir á empresa adxudicataria, que acredite ante o Concello, que o persoal que vai prestar o servizo está de alta na seguridade social, que posúe a titulación ou capacidade esixida para este tipo de actividades e que carece de delitos de natureza sexual.
5. Notificar este acordo ao adxudicatario, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.
6. Trasladar este acordo ao Servizo Municipal de Contabilidade e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gastos.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

5.- APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN

O Sr. Secretario-interventor dá conta da documentación xustificativa da subvención de referencia e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se indica a continuación, e se transcribe literalmente deseguido:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

OBRA: ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN ALTO XESTOSO (de Graña a Portomuros e de Portomuros a Muros)

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 2024/C003/000002

ASUNTO: APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN AGADER ANUALIDADE 2025

Logo de ver a documentación do expediente e a Presentada pola empresa adxudicataria, Construcciones Leonardo Miguélez, S.L., relativa á execución da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

anualidade 2025 da obra contida no proxecto nomeado, ACONDICIONAMENTO CAPA DE RODAXE DO CAMIÑO DE REGUEIRO A CANEDO, financiada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Consellería do Medio Rural), ao abeiro da Resolución do 19 de decembro de 2023, pola que se aproba o Plan de mellora camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024/2025, cofinanciado co Fondo Europeo agrícola de desenvolvemento rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar a conta xustificativa da axuda que financia a obra, ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN ALTO XESTOSO (de Graña a Portomuros e de Portomuros a Muros), anualidade 2025, por importe de 44.344,08€, que comprende a seguinte certificación, acompañada da súa documentación anexa (relación valorada, reportaxe fotográfica, factura e acta de recepción)

CERTIFICACIÓN Número/Data	FACTURA Número/Data	IMPORTE	RECOÑECEMENT O OBRIGA	PAGAMEN TO
Terceira e última 07/02/2025	250003 10-02-2025	44.344,08	16/05/2025	19/05/2025

2. Declarar:

- Que se cumpriu coa finalidade da subvención.
- Que os gastos totais soportados por esta entidade imputables ás actuacións da anualidade de 2025 ascenden ao importe de 44.344,08€.
- Que non se solicitou ni se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicitou esta subvención.
- A contratación das obras realizouse consonte á normativa de contratación do sector público. Iniciouse e tramitouse un expediente de contratación por procedemento aberto simplificado, coa tramitación prevista no art. 159.6 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, cun único criterio de avaliación para a adxudicación das obras, o factor prezo.

O alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

6.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre a solicitude da persoa interesada, sobre a documentación que a acompaña, sobre o informe da Traballadora Social do Concello e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude de renovación da tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida, presentado pola persoa interesada que responde ás iniciais E.P., J.M. con DNI núm. ***1170**, no Rexistro de Entrada deste Concello o día 19 de maio de 2025, núm. 202500000000332, o informe favorable da traballadora social do día 19 de maio de 2025, o ditame técnico facultativo do EVO e a restante documentación esixida.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a renovación da Tarxeta de Estacionamento para Persoas con Mobilidade Reducida a nome da persoa que responde ás iniciais E.P., J.M. válida ata o 22/05/2035, e co núm. 15050-092-25

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

7.- SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

O Sr. Secretario-Interventor da conta da solicitude da persoa interesada e a súa documentación anexa, do informe – proposta favorable da Traballadora Social, do informe de fiscalización previa limitada de conformidade da Intervención e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico do aplicativo Tedec que se reflicte na proposta que se transcribe textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Nº EXPEDIENTE: 2025/S009/000002

OBXECTO: Concesión axuda emerxencia social P.P., L.

Logo de ver o expediente tramitado a solicitude da persoa coas iniciais que se indican, o informe favorable emitido pola Traballadora Social do Concello de Monfero, Dona Patricia Martínez Lago, e o informe de fiscalización previa limitada de conformidade da Intervención, e considerando que se dan as circunstancias sinaladas na Ordenanza municipal reguladora das axudas de emerxencia social do Concello de Monfero (OAESM), que consta que a instrutora do procedemento comprobou a través da consulta de interoperabilidade do aplicativo TEDEC a documentación esixida no artigo 10 da OAESM e que reúne os requisitos esixidos nela para a concesión deste tipo de axudas, e que o gasto debe de xustificarse en forma, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Conceder unha axuda de emerxencia social (art. 3.1 a, b, c, d) da OAESM para cubrir as necesidades básicas de subsistencia non cubertas por outros sistemas de protección (alimentación, roupa e/ou calzado), produtos de aseo persoal e gastos farmacéuticos dos menores da unidade de convivencia en idade escolar, sempre que non estiveran cubertos por outras axudas públicas, á persoa que responde ás iniciais P.P., L. que se identifica no expediente electrónico do programa TEDEC indicado anteriormente, por importe máximo de 600 euros. As compras dos produtos farmacéuticos para o tratamento da infestación, produtos básicos de alimentación, de aseo persoal, hixiene doméstica e compra de roupa, serán realizadas pola traballadora social do Concello, Patricia Martínez Lago, e se lle fará a entrega á persoa beneficiaria no Concello.
- 2.- Imputar o gasto correspondente á aplicación do orzamento en vigor 231.48100
- 3.- Notificar este acordo á persoa interesada.
- 4.- Trasladar este acordo á Traballadora Social do Concello para que proceda a realizar a compra e ao Servizo Municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas del.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás trece horas e trinta e oito minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)
